

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FOMENTO DA DOAZÓN ALTRUÍSTA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS NO ÁMBITO DESTA UNIVERSIDADE.

Na data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte, **don Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **don Ricardo José Cao Abad**, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC) que actúa en nome e representación da mesma en virtude do seu nomeamento polo Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, publicado no DOG de 15 de xaneiro de 2024, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, de 23 de marzo, do sistema universitario e o Decreto 101/2004, do 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

Ambas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente acordo e para os efectos,

MANIFESTAN

I. O 3 de febreiro de 2021, formalizouse o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Universidade da Coruña para o fomento da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito desta universidade.

Sendo o seu obxecto, establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a planificación e desenvolvemento das campañas de fomento da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito da UDC, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a doazón de órganos e tecidos.



Levando a cabo actividades: de promoción de campaña colectivas de doazón de sangue, órganos e tecidos nos centros docentes que forman a UDC, establecendo a periodicidade, os medios a utilizar e os compromisos de cada unha das partes.

II. A cláusula décimo segunda do citado convenio, sinala que:

"1. A duración do presente convenio será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa firma, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do dito prazo de vixencia. En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente curso académico."

(...)

3. En calquera momento, antes da finalización do prazo de vixencia dos convenio, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais."

Por todo o anterior, tendo en conta os fins acadados durante o tempo de vixencia do convenio e a necesidade de continuar coa colaboración indicada, en virtude do disposto na cláusula citada, as partes asinantes.

ACORDAN

Prorrogar expresamente, o *"convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Universidade da Coruña para o fomento da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito desta Universidade."*; para que ambas partes continúen prestando a súa colaboración por un período de catro anos máis.

E en proba de conformidade, formalízase o presente acordo de prórroga na data que consta na última das sinaturas dixitais,

O Presidente da Axencia Galega de
Sangue, Órganos e Tecidos

O Reitor da Universidade da Coruña

Antonio Gómez Caamaño

Ricardo José Cao Abad

